



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO DO DÍA 15 DE MARZO DE 2013.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

AUSENTES :

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D.^a Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 11:00 horas do día 15 de marzo de 2013 reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres.-/as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



1- PRONUNCIAMENTO DA URXENCIA DA SESIÓN

O Sr. Alcalde procede a explicar a urxencia da sesión:

Bos días a todos e a todas, vamos a escomenzar este Pleno extraordinario o primeiro punto da orde do día que é declarar a urxencia, entendemos que todos votamos a favor da urxencia.

Procédese á votación do “Pronunciamento da urxencia da sesión”, aprobado por unanimidade

2- SOLICITUDE DE DIMISIÓN DO SR. ALCALDE, D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO, NO CASO DE NON CLAREXAR SATISFACTORIAMENTE A ORIXE DO SEU PATRIMONIO PARTICULAR, FAMILIAR E EMPRESARIAL

O Sr. Alcalde procede a explicar o contido do segundo punto da orde do día:

Teño que dicir que este xa é o terceiro Pleno no cual falamos deste tema, no extraordinario, no ordinario, en rogos e preguntas, estiven a disposición de todos vostedes para que fixeran as preguntas que estimaran pertinentes, e eu neste momento non teño nada máis que aclarar do que lle aclarei nos Plenos anteriores, entóns dito isto, din as declaracións que estimei pertinentes creo que máis que suficientes, en primeiro lugar aquí publicamente dúas veces, en segundo lugar, xa anteriormente dadas aquí, donde correspondía que eran as autoridades competentes na materia a nivel tributario, as autoridades pertinentes a nivel tributario non tiveron ningún reparo, salvo, como dixemos no seu momento, unha pequena regularización fiscal, que se pagou y se cerrou y está zanjado, co cual no hai ningunha lei en primeiro lugar que a mi me obrigue a que explique máis do que expliquei, porque non teño nada que explicar, eso por un lado, en segundo lugar dicir que a miña dimisión, piden vostedes a miña dimisión, ¿por que?, ¿cual é o delito que eu tiven polo que eu teño que dimitir?, dirano despois ustedes, que eu sepa non hai ningunha lei que me obligue a explicar máis do que expliquei porque non teño máis que explicar y aparte expliqueino desde que estimei pertinente, co cual con relación a eso nada que dicir. En segundo lugar, dicir, que si alguen ten que dimitir serán vostedes por incompetentes, por incompetentes simple e llanamente porque están admitindo a súa incompetencia. Eu levo aquí, levo aquí 25 anos gobernando, y falta unha única vez que eu sepa, que os grupos da oposición, nin o BNG, nin o Partido Socialista, tuveran algo creíble con relación á gestión municipal, porque logicamente entendo, e entende todo o mundo que se houbera algo creíble, ustedes o denunciarían y non denunciaron nada; que eu sepa en 25 anos non tuven, nin tivemos o equipo de goberno ningunha denuncia de ningún tipo, incluíndo planes urbanísticos; que se fixeron dous, todo en general, entóns si ustedes, en este caso o BNG, se deixa, digamos si lle fai seguidismo a un



anónimo, según palabras textuales de vostedes, que lle meteron no buzón, dunha persona que se fixo antes na fiscalía anticorrupción, que o único que pretende é facerme a mi como Alcalde un chantaxe público e notorio, que mo advertiu ademais, por non plegarme ás súas exigencias de contratarlle a súa muller, no seu momento, porque non era, en primeiro lugar como todo o mundo sabe non se pode contratar así a alguén pola cara, en segundo lugar no seu día non se podía, hubo un concurso, esa señora, non se lle contratou y a raíz de aí empezou toda enquina esta, de persecución, de papeles, de buscar no registro, de buscar no catastro, intentar pois, difamarme, intentar desprestigiarme, intentar de algunha maneira vengar, a súa situación personal que é patética a nivel personal, a situación persoal desa persona, pois con este tipo de faena. Ben, pois a primeira fase como xa lle digo foi entregada na fiscalía anticorrupción da mesma maneira; unhos papeles anónimos co meu patrimonio. Investigou tanto o meu, coma o da miña muller coma o do meu entorno familiar e empresarial. Facenda non dixo absolutamente nada máis do que dixen anteriormente, máis que esa pequena regularización, ¿que queren que lles diga máis?. Eu non teño máis que dicirlle, aparte deso tráilale outra cousa ó BNG, aos representantes do BNG; si alguien quere que dimita, ustedes teñen que empezar por dar exemplo, y unha persona que é a súa jefa política, que teño aquí a sentenza, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Tereixa Paz Franco, que foi condenada, non é que estea imputada, non é dicir denunciada, foi condenada por sentenza firme, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Teñen que estar ustedes empezando, debían ustedes empezar a dar exemplo, e estamos a falar dunha diputada, unha persona que foi aforada, y que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, no seu día a condenou, entonces xa me dirán ustedes que dobre lenguaje utilizan cando queren, unha condenada non ten que dimitir e unha persona coma min que non teño ningunha imputación, ó día de hoxe, ningunha sentenza, nin nada de nada teño que dimitir, eu me vou a ir cando estime oportuno y cuando proceda non cando mo digan vostedes. E non teño nada máis que dicir.

Ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Fírvida (BNG) toma a palabra:

Bos días, bos días a todos os asistentes a este Pleno, bos días aos medios de comunicación que están asistindo a este Pleno, y en primeiro lugar quería facer referencia a unha cuestión, que o Pleno celebrado o día 26 de febreiro, hai xustamente 17 días, pois aínda non se nos deu hasta hoxe á mañá, hasta hai cinco minutos, nin a acta daquel pleno nin a gravación do mesmo, cando nós preguntamos si íbamos a poder ter acceso á gravación daquel Pleno, que por certo era a primeira vez, en este



Concello se gravaba un Pleno a pesar de todas as insistencias do Bloque Nacionalista Galego, para que se fixese de forma habitual, comunicóusenos que estaban pensando, si terían a ben podernos pasar a gravación daquel Pleno, e agora temos que nolo dan a cinco minutos do comenzo deste Pleno extraordinario. Aquel Pleno o día 26 de febreiro deste ano, o sr. Freire Couto, Alcalde de Barbadás, convoca un Pleno extraordinario con carácter de urxencia por información saída nun medio de comunicación de ámbito estatal, onde fai referencia ao patrimonio acumulado polo sr. Freire Couto. Naquel Pleno, o sr. Freire Couto, di que vai facer un streptease patrimonial, un streptease político, donde vai a pór en mans de toda a cidadanía, e da oposición, e dos medios de comunicación, todas as explicacións sobre a orixe do seu patrimonio y do seu actual patrimonio. Nos comunica que o seu patrimonio, provén dunha herencia que é en palabras do propio sr. Alcalde “unhas fincas que non valían un carajo”, e tamén un Ford, un Ford vello que lle deixou o seu tío, y con aquel capital foi capaz de acumular un patrimonio superior a 1.700.000 euros, de valor catastral, declarado, alén do que ten oculto, o que nos interpretamos que poida ter oculto, porque o que é certo e que nunca quixo dar explicacións de cales son os patrimonios, por exemplo, dunha empresa inmobiliaria que ten o mesmo domicilio fiscal, onde reside o sr. Freire Couto, polo cal algunha relación patrimonial terá que existir, y tampouco quere facer referencia ao valor patrimonial que ten unha empresa que creou no ano 2004, en Matosinhos-Portugal, adicada tamén á explotación inmobiliaria, que non coñecemos o patrimonio con que traballa, que non coñecemos onde paga os seus impostos, que non coñecemos cales son os seus rendementos en Portugal, e polo tanto, descoñecemos tamén o patrimonio que se ten a través de esa empresa. Naquel Pleno, o sr. Freire Couto, convoca, chama a todos os funcionarios municipais, a todos os traballadores do Concello, á xente próxima do Partido Popular, para que asistan ao mesmo moitos dos que hoxe están eiquí, estiveron tamén naquel Pleno, para que abouxen á oposición, para que non nos deixen traballar, para que non nos deixen explicar, nun intento de intimidar, e de coaccionar aos membros da oposición. Xa lle advirto sr. Freire Couto, que non o vai conseguir, a nós, non nos vai calar, non nos vai calar, nin con intimidacións nin con violencia, a nós ao Bloque Nacionalista Galego, non nos vai calar. Naquel Pleno sr. Freire Couto, intentou votar unha manta, sobre todas as súas sospeitas sobre a orixe do seu patrimonio, e no canto de votar unha manta, o que fixo foi crear un incendio, porque a información que se nos transmite aos medios da oposición, aos membros da oposición e aos medios de comunicación, ven unha relación do IRPF, declarado entre o 2007 e 2010, y comeza esta declaración dicindo, Imposto sobre a renda das persoas físicas ano 2007-2010, non a presenta, non está en esta documentación, Imposto sobre o valor engadido ano 2010, non



está nesta documentación, sr. Freire. Declaracións do IRPF complementarias e certificados de rendementos que a sustentan, non está nesta declaración, a súa declaración do IRPF, nin os certificados de rendementos, si está unha declaración complementaria deses catro anos, Pola Presidencia advírteselle ao Sr. Fírvida que lle queda medio minuto, ten cinco minutos para a resposta

Continúa o vociero do BNG sr. Fírvida

Medio minuto imposible.

Declaracións y libros de contabilidade non presenta, documentos de adquisición de bens e inmobles, non presenta, sr. Freire Couto, vostede non presenta absolutamente nada, alén dunha declaración complementaria entre os anos 2007 e 2010, onde recoñece que vostede tivo unhas ingresos de 564.000 euros, e que tivo unha débeda tributaria de 44.406 euros, que tería que pagar e que non pagou. Esta débeda tributaria é a consecuencia de que ocultou á Facenda Pública no ano 2007.

O sr. Alcalde toma a palabra:

Acabóuselle o tempo,

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sr. Freire vostede ocultou á Facenda pública no 2007, 56.000 euros, ocultou á Facenda Pública no ano 2008, 41.000 euros, ocultou a Facenda Pública no ano 2009, 35.000 euros, e ocultou no ano 2010, 74.000 euros, é dicir en catro anos, vostede defraudou á Facenda Pública, 208.000 euros.

O Sr. Alcalde toma a palabra:

Acabóuselle o tempo

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sr. Freire Couto.

O sr. Alcalde toma a palabra:

A normativa que é , leva un minuto fora de tempo

O sr. Fírvida toma a palabra:

Pídlle que non faga desto un circo, si vostede transparencia, se o seu partido esixe a todos os cargos do Partido Popular, que desnuden o seu patrimonio, que clarifiquen as súas actividades, permítame como membro da oposición que faga o meu traballo, vostede que

O sr. Alcalde toma a palabra:

Sr. Fírvida



O sr. Fírvida toma a palabra:

Vostede defraudou 208.000 euros en catro anos

O sr. Alcalde toma a palabra:

esa é a documentación que lle din á oposición, que lle din aos medios, por favor, sr. Valcárcel, quere tomar a palabra

Continúa o Sr. Firvida:

a demais desta declaración da renda, onde se manifesta que vostede tampouco pagou o IVE destes anos, vostede sofre unha sanción de 16.000 euros, por certo a sanción que lle impoñen a vostede é unicamente do 8% defraudado

O sr. Alcalde toma a palabra:

Quere tomar a palabra (sr. Valcárcel). Síntoo moito pero retírolle a palabra (sr. Fírvida), excede do tempo que lle corresponde.

O sr. Fírvida toma a palabra:

Sr. Freire como pode vostede defender diante dos votantes do Partido Popular, como pode defender diante da cidadanía de Barbadás, que vostede Presidente do INORDE, que é Diputado provincial, y que é Alcalde de Barbadás

O sr. Alcalde toma a palabra:

Votos a favor, votos a favor, votos en contra

Nota de secretaría:

Rexistraron sete votos do Partido Popular en contra do acordo “Solicitud de dimisión do Sr. Alcalde D. José Manuel Freire Couto, no caso de non clarexar satisfactoriamente a orixe do seu patrimonio particular, familiar e empresarial. Os Concelleiros do BNG e do PSdeG-PSOE, non realizaron votación a pesar do requerimento da Presidencia.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 11:20 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO